

ENSEMBLE MODERN

Fundado en 1980 e establecido en Frankfurt am Main desde 1985, o Ensemble Modern (EM) é un dos principais grupos de música contemporánea do mundo. É famoso pola súa particular organización e método de traballo así como pola súa excepcional e característica programación composta por teatro musical, danza e proxeccións de vídeo, música de cámara, concertos para conxunto instrumental e para orquestra. O grupo realizou numerosas xiras en África, Australia, China, India, Xapón, Corea, Sudamérica, Taiwan, Rusia e Estados Unidos. Ofrece ao redor de cen concertos ao ano e actúa con asiduidade en prestixiosos festivais e salas de música de todo o mundo. Esfórzase por conseguir o mais alto grao de autenticidade grazas ao seu traballo conxunto cos compositores e ensaian unha media de 70 obras novas cada ano, 20 das cales son estreas absolutas. A emisora hr2-kultur é asociada cultural do Ensemble Modern.

FABIÁN PANISELLO director

Nacido en Bos Aires en 1963, seguiu cursos de Elliott Carter, Isang Yun, Franco Donatoni, Luis de Pablo, Brian Ferneyough, Karlheinz Stockhausen, Luciano Berio (do que foi director asistente) e Pierre Boulez. Desde 1994 compaxina o seu cargo de director académico da Escola Superior de Música Reina Sofía coas tarefas de compositor e director de orquestra. Fundador e director de Plural Ensemble, desempeña un notable labor de divulgación do repertorio actual nos principais festivais de música contemporánea do mundo. Algunhas das súas pezas foron interpretadas por: Pierre Boulez (*Aksaks*), Peter Eötvös (*Mandala*), Susanna Mälkki (*Movements for piano and orchestra*) e Cuarteto Arditti (*Tres movimientos para cuarteto*). Entre as súas creacións máis recentes, destaca o monodrama *L'officina della resurrezione* sobre texto de Erri De Luca.

xornadas de MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Santiago de Compostela

27 setembro – 31 outubro 2013

Interaccións XXI

ENSEMBLE MODERN
FABIÁN PANISELLO director

Teatro Principal
martes 29 outubro
20.30



I

Elena Mendoza (1973)

Relato improbable **

Fabián Panisello (1963)

Solstice (2013) *

II

Enno Poppe (1969)

Koffer, para ensemble e electrónica (2013) **

* estrea absoluta, encarga do CNDM e do Goethe Institute 

** estrea en España

A xeito de estudo preliminar e preparando a estrea da súa ópera *Las ciudades de las mentiras*, a compositora sevillana residente en Berlín **Elena Mendoza** emprega en *Relato improbable* unha das historias de Onetti que formarán parte do fío narrativo da ópera. Non obstante, o contido semántico da devandita historia é irrelevante para a composición: como no relato de Onetti, o interese reside na maxia que se desprende do acto mesmo de narrar. O solista preséntanos un virtuoso xogo rítmico, no que as sílabas do texto alternan rapidamente con accións percusivas. Mediante o tempo e unha rítmica centrada na pulsación, a música, intimamente ligada ao tratamento do texto, desenvolve un efecto case hipnótico ata alcanzar un explosivo punto culminante, sucedido por un longo e igualmente máxico proceso de distensión.

Aproveitando unha viaxe á Patagonia en decembro de 2012, **Fabián Panisello** asistiu a unha festividade que se celebra alí coa chegada do solsticio de verán: “Os concorrentes tocaban instrumentos autóctonos de percusión e de vento de diferentes partes do mundo e, ao alcanzar a reunión, xa moi avanzada a noite tamén se sumaron cuncas de cuarzo de distintos tamaños con increíbles resonancias e con sorprendentes espectros harmónicos... Facendo abstracción desta materia prima, decidín elaborala en combinación cunha trama harmónica e motora complexa, dándolle un lugar privilexiado á gama grave do rexistro, representando a compoñente vibratoria e os sons fundamentais do material aludido. Instrumentos como o clarinete contrabaixo, saxofón baixo e en particular o contraforte teñen un lugar especial no son desta obra que tomou derivacións novas e inesperadas, aínda que implícitas en orixe, durante o proceso de composición”.

Moitas das obras de **Enno Poppe** comezan cun motivo sinxelo para logo medrar como un vexetal. Influído polos seus estudos con modelos matemáticos que simulan o crecemento das plantas, preguntouse en que dirección tenden as ramas, como xorde un novo brote? En *Koffer*, por exemplo, óense ao principio diversos sons vagos emitidos por clarinetes e trombóns. Pouco a pouco comezan a ramificarse estes sons elementais, contaxiando outros instrumentos. Pouco a pouco tamén a música se volve virtuosa ao longo das súas cinco partes, interpretadas sen solución de continuidade. A superposición e xustaposición das capas sonoras, dos instrumentos en ocasións agrupados, xera un tipo de secuencia múltiple que fai pensar nun concerto delirante de múltiples melodías simultáneas.